ACORDO DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO NO GRUPO I, ASESOR/A TÉCNICO/A II (604PND05), DE PERSOAL LABORAL FIXO DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALICIA EUROPA

O Tribunal nomeado por resolución, do 4 de maio de 2026, do presidente da Fundación Pública Galicia Europa para o proceso selectivo para o ingreso no grupo I, asesor/a técnico/a II (604PND05), de persoal laboral fixo da Fundación Galicia Europa, en **sesión que tivo lugar o 6 de outubro de 2026**,

ACORDOU

1. **Publicar a relación de persoas aspirantes por orde de puntuacións obtidas,** de acordo co sinalado na base III.1. da Resolución pola que se convoca o proceso selectivo:

Apelidos e Nome	DNI	FASE DE OPOSICIÓN	FASE DE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ, CAROLINA	****6593J	86,00	52,40	138,40
FERNÁNDEZ PICO, ALEJANDRO	****7696N	60,75	14,30	75,05
FABEIRO LIÑARES, JULIO ALBERTO	****7464K	58,75	15,40	74,15
LAZO FUENTES, XIOMARA ERLINDA	****6436K	58,75	1,00	59,75

2. Propoñer o nomeamento como persoal laboral fixo da persoa que obtivo a maior puntuación no proceso selectivo, CAROLINA GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ, e ofertarlle á incorporación ao posto correspondente, que deberá **aceptar expresamente no prazo de 3 días hábiles desde a súa comunicación.**

3. De conformidade coa base III.1, a persoa proposta para o nomeamento disporá dun prazo de **vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste acordo na páxina web, para a presentación dos seguintes documentos:**

A) Fotocopia compulsada do título esixido na base I.2 ou certificación académica que acredite realizar todos os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas

no estranxeiro, deberá presentar credencial da súa validación ou homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión.
B) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ser separada, nin despedida, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo do que foi separada ou inhabilitada, nin pertencer ao mesmo corpo ou escala, segundo o modelo que figura como anexo III a esta convocatoria.
No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente, nin ser sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos mesmos termos, segundo o modelo que figura como anexo IV desta convocatoria.
C) Informe sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
A persoa aspirante estará exenta de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados ante a FGE en procesos anteriores.

4. Se a persoa seleccionada non presenta a documentación no prazo establecido, ou presenta a súa renuncia á contratación para o posto para o cal foi seleccionada (caso en que se fará mediante solicitude expresa ao respecto, no mesmo prazo sinalado no terceiro punto), serán chamadas sucesivamente as seguintes persoas aspirantes, segundo a orde das cualificacións obtidas.

5. As persoas candidatas que non fosen incorporadas pasarán a constituír unha bolsa de emprego temporal, que se poderá utilizar para posibles contratacións para un posto igual ou análogo.

De conformidade coa base IV.8 da convocatoria, contra este acordo poderá interpoñerse recurso de alzada ante a persoa titular da consellería competente en materia de función pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

En Bruxelas, na data da sinatura dixital,

A Presidenta do Tribunal

Firmado por RAMOS BARBOSA ANA MARGARITA - 33263169V el día 09/10/2026 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios